



ACTA Nº 2022/8

Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación

Sala de sesións da casa do concello, luns 29 de agosto de 2022

No día de hoxe, ás 20:01 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se as concelleiras e concelleiros que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

D.^a Mónica Rodríguez Ordóñez

ASISTEN:

PSOE

D. Víctor Manuel Muíño Ramos

D.^a María José Pose Pérez

D. Miguel Angel Pérez Méndez

D.^a Rosa Blanco Lema

D. Mario Andujar Mouzo

PP

D. Francisco M. Calzas Suárez

ADIANTE VIMIANZO

D.^a Marta Rey Lema

D. Eugenio Vidal Quintáns

D.^a María Jesús Barbeira Pose

D. Francisco Javier Trillo Pazos

AUSENCIAS:

PP

D.^a Raquel Rodríguez Amigo

ADIANTE VIMIANZO

D. Manuel Lorenzo Hermida

SECRETARIO/A:

D. Francisco Javier Novoa Juiz

INTERVENTOR/A:

D. Francisco Fernández Armada



A voceira e voceiro respectivos trasladan que por motivos persoais e laborais non poden asistir ó pleno D.ª Raquel Rodríguez e D. Manuel Lorenzo Hermida.

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión.

Procédese a tratar os asuntos incluídos na,

ORDE DO DÍA

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o 26 de xullo de 2022.

2º. Ditame sobre a designación de festivos locais para o ano 2023. Exp. 2022/X998/000056.

3º. Ditame sobre a derogación da Ordenanza municipal de instalación de rótulos e carteis publicitarios visibles dende a vía pública. Exp.2022/X999/000181.

B) Sección de control

4º. Dación de conta de acordos da Xunta de Goberno Local sobre asuntos delegados polo Pleno.

4º.1. Dación de conta do acordo da Xunta de Goberno Local de data 01/08/2022 sobre a modificación do contrato mixto de subministración e obra para a execución do proxecto de Renovación do alumeadado exterior do concello de Vimianzo (IDAE). Exp. 2021/C005/000001.

5º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidentencia.

6º. Mocións de urxencia.

7º. Rogos e preguntas.

Comeza o debate e votación dos asuntos da orde do día.

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o 26 de xullo de 2022.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Sra. alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación á citada acta.

Ao non manifestar ningunha observación sobre a mesma, queda aprobada por unanimidade dos presentes, a acta da sesión ordinaria celebrada o 26 de xullo de 2022.



2º. Ditame sobre a designación de festivos locais para o ano 2023. Exp.2022/X998/000056.

O secretario da Corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais, celebrada o 24 de agosto de 2022, que se reproduce a continuación:

“1.Proposta de ditame sobre a designación de festivos locais para o ano 2023. Exp.2022/X998/000056

Dáse conta da proposta da Alcaldía de data 18 de agosto de 2022, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: designación de festivos locais para o ano 2023. Exp.2022/X998/000056

Visto o Decreto 139/2022 de 21 de xullo, polo que se determinan as festas da Comunidade autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2023, publicado no Diario oficial de Galicia, núm.149, de 5 de agosto de 2022.

Visto o escrito con rexistro de entrada núm. 202290000001529, de data 28/07/2022, remitido pola Consellería de promoción do emprego e da igualdade no que dan traslado das festas laborais da comunidade autónoma de Galicia así como das estatais, que se prevén para o ano 2023 e no que solicita que se remita ao antes do 01/09/2022 a comunicación dos dous días que teñen carácter de festas locais deste concello para o ano 2023.

Tendo en conta o establecido no art. 37.2 do estatuto dos traballadores así como no art. 45 do RD 2001/1983, de 28 de xullo, sobre a regulación da xornada de traballo, e xornadas especiais.

Á vista do exposto, propónse ao Pleno, previo dictame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Determinar como días festivos locais para o ano 2023 no termo municipal de Vimianzo os seguintes:

- 21 de febreiro (martes de entroido)
- 14 de agosto (festas de verán)

SEGUNDO. - Comunicar o presente acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade para o seu coñecemento e efectos oportunos.

O que asino, en Vimianzo
A alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez
(documento asinado electrónicamente)”

Sometido o asunto a votación, a Comisión informativa de Asuntos Xerais, por tres votos a favor (2 PsdeG-PSOE e 1 AV), unha abstención do PP e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a proposta de acordo.”



A Alcaldesa-Presidenta explica a proposta dos días xa que tocaría como cada 7 anos pois San Vincenzo coincide en domingo e pasa ó martes de carnaval.

Pásase á votación do asunto obténdose a aprobación da proposta, por UNANIMIDADE dos membros da Corporación presentes, quedando elevada a acordo nos seus propios termos.

3º. Ditame sobre a derogación da Ordenanza municipal de instalación de rótulos e carteis publicitarios visibles dende a vía pública. Exp. 2022/X999/000181

O secretario da Corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais, celebrada o 24 de agosto de 2022, que se reproduce a continuación:

“2. Proposta de ditame sobre a derogación da Ordenanza municipal de instalación de rótulos e carteis publicitarios visibles dende a vía pública. Exp.2022/X999/000181.

Dáse conta da proposta da Alcaldía de data 19 de agosto de 2022, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: derogación da Ordenanza municipal de instalación de rótulos e carteis publicitarios visibles dende a vía pública. Exp.2022/X999/000181.

Tendo en conta que a Ordenanza Municipal de instalación de rótulos e carteis publicitarios visibles dende a vía pública dende a súa entrada en vigor ata a actualidade non sufríu ningunha modificación.

Na propia ordenanza establécese que rexerán por canto a rótulos e carteis publicitarios, entre outras normas, o Texto refundido da Lei sobre réxime do solo e ordenación urbana, aprobado por RD 1346/1976, do 9 de abril.

Con posterioridade a lexislación indicada foron entrando en vigor diferentes leis do solo que lle foron de aplicación, sendo na actualidade de aplicación a Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, así como as propias normas urbanísticas de planeamento do Concello, que regulan no seu Tomo I as características que deben cumprir os rótulos e carteis publicitarios que se instalen.

Tendo en conta que todo o desenvolvemento industrial e comercial que se produciu nestes anos fan que a propia ordenanza quede completamente obsoleta.

Visto o informe de secretaría de data 18 de agosto de 2022, en relación á derogación proposta, procedemento e a lexislación aplicable para proceder á aprobación da derogación da Ordenanza municipal de instalación de rótulos e carteis publicitarios visibles dende a vía pública.

Realizada a tramitación legalmente establecida e vista a competencia do Pleno, en virtude dos artigos 22.2.d) e 17 do TRLFL, propónse a este, previo ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, a adopción do seguinte **ACORDO**:

Praza do Concello, nº 6
15129 – Vimianzo (A Coruña)

Tel. 981716001
Fax 981716650

correo@vimianzo.gal
www.vimianzo.gal



Primeiro.- Aprobar inicialmente a derogación da Ordenanza Municipal de instalación de rótulos e carteis publicitarios visibles dende a vía pública.

Segundo.- Someter a devandita derogación a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días hábiles para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación.

De non se presentar reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Terceiro.- Facultar a Sra. Alcaldesa-Presidenta para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

O que asino en Vimianzo,
A alcaldesa,
Mónica Rodríguez Ordóñez
(documento asinado electrónicamente)”

Sometido o asunto a votación, a Comisión informativa de Asuntos Xerais, por dous votos a favor (2 PsdeG-PSOE), dúas abstencións (1 de AV e 1 do PP) e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a proposta de acordo.”

O Secretario explica as razóns da derogación conforme considera no seu informe preceptivo. A Alcaldesa-Presidenta traslada que se traballará nunha nova ordenanza máis actualizada e acorde coas NNSS.

Pásase á votación do asunto obténdose a aprobación da proposta, por UNANIMIDADE dos membros da Corporación presentes, quedando elevada a acordo nos seus propios termos.

B) Sección de control

4º. Dación de conta de acordos da Xunta de Goberno Local sobre asuntos delegados polo Pleno.

4º.1. Dación de conta do acordo da Xunta de Goberno Local de data 01/08/2022 sobre a modificación do contrato mixto de subministración e obra para a execución do proxecto de Renovación do alumeadado exterior do concello de Vimianzo (IDAE). Exp. 2021/C005/000001.

Dáse conta do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión do 1 de agosto de 2022 referente a autorización e aprobación do proxecto modificado da “renovación do alumeadado exterior do Concello de Vimianzo”, redactado na data do 20 de xullo de 2022 polo enxeñeiro técnico industrial D. Martín Lema Pose, que ascende a un importe de 2.362.368,47 euros.



O Pleno do Concello douse por enterado.

5º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

O Secretario da conta dos números de Resolución da Alcaldía adoptadas desde o día 21-07-2022 con número 880/2022 ata o día 24-08-2022 con número 1021/2022.

O Pleno do Concello douse por enterado.

6º. Mocións de urxencia.

Non se presentan.

7º. Rogos e preguntas.

Dna. Marta Rodríguez pregunta porque houbo que devolver unha parte do POS social. Tamén pregunta pola restauración do Cruceiro de Santos en relación a se hai seguridade contratada ou algún tipo de medidas xa que pode ser roubado. En relación coas actividades extraescolares, saber se hai previstas e se se abriu a preinscripción.

A Alcaldesa-Presidenta traslada en relación co reintegro da subvención do POS que están moi estrictos coas xustificacións da mesma, entendendo que hai conceptos confusos que o concello defendía que formaran parte da subvención, non así a Deputación. Explica que foi co interventor á Deputación para solucionar o problema pero unicamente permitiron xustificar 120.000 euros.

Respecto ó cruceiro explica o estudio arqueolóxico que se está a levar cabo na nave do colexio e que traballan os sábados e domingos, non hai seguridade privada pero se cambiaron as pechaduras e está pechado, amáis se alguén quere rouvalo pode facelo en calquer sitio como pasou en Carnés. Remata dicindo que o día 2 rematarán a restauración.

En relación coas actividades extraescolares, se están a elaborar os PCAP para ver as horas e contido xunto co do ximnasio e así abrir os prazos de inscrición o antes posible.

Non tendo máis asuntos que tratar, sendo as 20:23 horas a Alcaldesa-Presidenta levanta a sesión, e eu como Secretario do Pleno redacto este borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo.

A Alcaldesa
Mónica Ródriguez Ordóñez

O Secretario Xeral
Francisco Javier Novoa Juiz